

A PREVENCIÓN DO RISCO QUÍMICO EN GALICIA



A información é seguridade

Plan de Emerxencia Exterior

Cumprindo coas directivas ditadas pola Comisión Europea de información á poboación en materia de prevención e protección ante o risco químico, para limitar as súas consecuencias nas persoas e no Ambiente, a Xunta de Galicia procedeu a elaboración dos plans de emerxencia exterior das empresas afectadas:

A PREVENCIÓN DO RISCO QUÍMICO EN GALICIA



A información é seguridade



XUNTA
DE GALICIA

>112
EMERXENCIA
GALICIA

XUNTA DE GALICIA

O desenvolvemento industrial permite que gocemos dunha gran variedade de vantaxes e comodidades, moitas destas proceden da industria química. Un sector que, ao mesmo que no resto de Europa, está presente en Galicia.



A PREVENCIÓN
DO RISCO
QUÍMICO EN
GALICIA

As industrias químicas fabrican produtos básicos para a elaboración de medicamentos, pinturas, combustibles, deterxentes, etc. Tamén para facilitarnos o transporte ou para cociñar ou gozar de calefacción no noso fogar. Pero, a pesar de ser tan necesarios, estes produtos conteñen substancias que, polas súas propias características, poden comportar riscos. Por este motivo, o seu uso indebido ou un accidente durante o seu tratamento ou elaboración poden causar danos ás persoas ou ao ambiente.

A información é seguridade

Aínda que é moi difícil que se produzan accidentes, dadas as medidas de seguridade con que contan as ditas industrias, todos debemos coñecer como actuar para protexernos no caso de producirse unha emerxencia. Deste xeito, os seus posibles efectos negativos diminuirían notablemente.

Por todo iso, pedímosche que prestes atención á información que che ofrecemos a continuación. O seu obxectivo é o de dar a coñecer as normas de actuación que se deberían seguir en caso de emerxencia química no Polígono Punta Promontoiro de Mugardos.

QUE RISCOS TEMOS?

Os riscos con que convivimos a cotío poden ser de tres tipos:

Naturais: como os temporais, as inundacións, as nevaradas, etc.

Antrópicos: provocados polo home, como incendios forestais ou os asociados a grandes concentracións humanas.

Tecnolóxicos: propios das sociedades desenvolvidas e do progreso industrial, de orixe química, os riscos que comporta o transporte de mercadorías perigosas ou a falta das subministracións básicas (luz, auga, gas, etc.).

O RISCO QUÍMICO

Basicamente, nun accidente químico pode producirse:

Unha explosión: é a liberación de certa cantidade de enerxía debido a unha transformación física ou química moi rápida. Neste caso, as ventás das casas poden romper proxectando fragmentos, co risco de que causen danos.

Unha fuga: vén dada polo escape dun gas ou dun líquido dun recipiente. A substancia pode ser inflamable, corrosiva ou tóxica e, segundo a súa concentración, podería comportar un risco para a saúde.



Un incendio: provocado pola combustión de grandes cantidades de produto, pode comportar queimaduras por radiación térmica ou molestias a causa dos fumes.



QUE FACEMOS PARA EVITAR OS RISCOS?

POR PARTE DAS INDUSTRIAS

As industrias químicas aplican sistemas de seguridade que están sometidos ao control das diferentes administracións.

Para prever os riscos, as industrias químicas:

- Melloran constantemente as súas instalacións para que o risco sexa mínimo. Están dotadas de mecanismos automáticos e manuais de seguridade que se activan no momento en que se produce un incidente.
- Teñen un Plan de Emerxencia Interior (PEI) que establece como ten que actuar o persoal e determina os medios necesarios para evitar os accidentes de todo tipo e reducir os seus efectos.
- Adéstranse realizando simulacros periódicos para que os equipos de seguridade estean preparados para actuar rápida e eficazmente.
- Axúdanse entre elas, mediante os pactos de axuda mutua, para sumar os seus esforzos en controlar posibles emerxencias.



POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN

A Xunta de Galicia elabora os plans de emerxencia exterior (PEE), e os concellos con industrias químicas elaboran os plans de actuación municipal (PAM).

Que son os plans de emerxencia exterior

Son uns plans especiais que establecen a forma de poñer en marcha os medios de seguridade de Galicia, en caso de emerxencia química.

O seu obxectivo


Prever os riscos e protexer as persoas e o contorno dos efectos dun hipotético accidente.

Como se activa

En función do tipo de accidente e da súa evolución, avísase o CENTRO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA CAE 112 GALICIA para que, a través dos centros de coordinación establecidos, se mobilicen os grupos de acción e se informe a poboación mediante os sistemas previstos.

Que son os plans de actuación municipal

Son os plans que regulan a actuación e os recursos do concello nunha situación de emerxencia.



ESQUEMA DE COORDINACIÓN

Emerxencia Interior da industria > ACTIVACIÓN PLAN DE EMERXENCIA INTERIOR (PEI) > **Actuación grupos de seguridade da industria**

Se hai risco de efectos no exterior do complexo industrial

Exterior da Industria

> **112**
EMERXENCIA GALICIA

ACTIVACIÓN PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR (PEE)

CECOP — CECOPAL
Mobilización e coordinación dos grupos de acción — Centro de Coordinación Municipal

GRUPOS DE ACCIÓN



Grupo de intervención



Grupo loxístico e de seguridade



Grupo de seguimento e avaliación



Grupo sanitario

MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN

CANDO SE INICIA A EMERXENCIA

SINAL DE AVISO

En caso dunha emerxencia química, a poboación será avisada por unha sirena fixa ou por megafonía móbil. No caso da sirena, repetiranse 3 sinais, dun minuto de duración cada un, espaciados por 5 segundos de silencio.

PECHATE, ESTARÁS MÁIS PROTEXIDO

O primeiro que hai que facer é pecharse na casa para evitar estar exposto ao aire do exterior. Se no momento da alerta estiveses no coche, o máis conveniente é abandonalo xa que non é un espazo seguro. Actúa de forma ordenada e non abandones o vehículo no medio da rúa.

PECHA PORTAS, VENTÁS E TODA ENTRADA DE AIRE DO EXTERIOR

Para unha maior seguridade, é conveniente que peches as portas, ventás e todas as entradas de aire externas, incluíndo os sistemas de climatización e ventilación.

ESCOITA A RADIO

A través da radio, as autoridades darán indicacións da evolución do accidente e das medidas que debe adoptar a poboación para protexerse. Informarán tamén da conveniencia de continuar confinados así como do final da emerxencia. Para recibir toda esa información, é necesario sintonizar Radio Galega, Radio Nacional de España e as emisoras locais.

DURANTE A EMERXENCIA



NON VAIAS BUSCAR OS NENOS AO COLEXIO

Os seus mestres coidarán deles segundo un plan preestablecido. Os centros de ensino son lugares de atención prioritaria e terán a axuda precisa en función do desenvolvemento da emerxencia.



NON UTILICES O TELÉFONO

Hai que deixar as liñas libres para os equipos de intervención.



PARA MAIOR PRECAUCIÓN, E SE TES MOLESTIAS, PODES RESPIRAR A TRAVÉS DE PANOS MOLLADOS

O aire pode estar contaminado.



EVITA FUMAR, NON ACENDAS LUME, CANDEAS NIN LUCES DE GAS

Por unha eventual presenza de produtos inflamables no aire.



AFÁSTATE DAS VENTÁS E CRISTALEIRAS

Aínda que sempre será de baixa intensidade, se hai perigo de estoupido péchate na parte oposta do lugar onde se espera o estoupido.



SIGUE CON ATENCIÓN AS INSTRUCCIÓN DAS AUTORIDADES

Manterante informado de todas as medidas adicionais que se deberán adoptar.

NON SAIAS AO EXTERIOR ATA QUE CHO COMUNIQUEN AS AUTORIDADES

CANDO SE ACABA A EMERXENCIA



SINAL DE AVISO

A sirena emitirá un sinal continuo de 30 segundos de duración que indicará o fin da emerxencia.



NON BAIXES AOS SOTOS

Podería haber acumulación dun gas.



VENTILA TODO O LOCAL

Unha vez que te autoricen a saír.



PODERÁS SAÍR AO EXTERIOR CANDO CHO CONFIRMEN AS AUTORIDADES

Aínda que aparentemente acabe a emerxencia, o aire do exterior podería estar contaminado. Se tiveches que ser evacuado, as autoridades trasladarante ao punto de reunión máis próximo á túa casa.




E COMO MEDIDA DE PRECAUCIÓN

TEN NA CASA


UNHA RADIO E PILAS DE RECAMBIO.




UNHA LANTERNA.




CINTA ILLANTE.



A TARXETA COS CONSELLOS DE PROTECCIÓN, NUN LUGAR VISIBLE.



TEN LOCALIZADOS O INTERRUPTOR XERAL DA CORRENTE ELÉCTRICA E AS CHAVES XERAIS DA AUGA E DO GAS.



A PREVENCIÓN DO RISCO QUÍMICO EN GALICIA

Polígono Punta Promontoiro (Mugardos)

MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN NUNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA

- Se oes un sinal de aviso, péchate na casa. Estarás máis protexido
- Pecha portas, ventás e toda entrada de aire do exterior
- Non utilices o teléfono, deixa as liñas libres para as autoridades
- Evita fumar, non acendas lume, candeas, nin luces de gas
- Afástate das ventás e cristaleiras
- escoita as instrucións das autoridades na radio

Para máis información: <http://www.axega112.org>



É moi importante que teñas estes consellos sempre á man, para podelos seguir en caso de necesidade